



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A EMPRESA PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE I+D DUNHA NOVA PLATAFORMA DE FABRICACIÓN ULTRAFLEXIBLE PARA O LANZAMENTO DUN NOVO VEHÍCULO TIPO VAN 100% ELÉCTRICO (EK9)

En Santiago de Compostela, a 23 de abril de 2021

REUNIDOS

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

IGNACIO BUENO CASTEL, maior de idade, con N.I.F. _____, e domicilio profesional en Avenida Citroën, 3 e 5, Zona Franca de Vigo (Pontevedra), en calidade de representante da sociedade PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A. (en adiante PCAE), con N.I.F. A-36602837 e domicilio social no antes referido, en virtude de Escritura de apoderamento outorgada ante o Notario de Madrid, D. Francisco Calderón Álvarez, en data 18 de outubro de 2019 e número 3.376 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e

se aproban os seus estatutos. Encóntrase adscrita á Consellería de Economía, Empresa e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO.-

Que a sociedade Peugeot Citroën Automóviles España, S.A. (“PCAE”) é unha gran empresa con domicilio social en Vigo, que está, nestes momentos, en pleno proceso de evolución na gama dos seus vehículos en resposta á demanda cada vez maior de modelos equipados de motorizacións electrificadas máis respectuosas co medio ambiente (BEV, MHEV, PHEV).

Con este fin e tras varias conversas previas, PCAE presentou o 5 de xuño de 2019 unha solicitude de axuda ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria (rexistro xeral da Xunta de Galicia nº 485/RX 1237948) para o desenvolvemento dun proxecto de I+D enfocado a unha nova silueta BEV denominada eK9. Este proxecto implicaba a realización nos exercicios 2020 e 2021 de investimentos e gastos en actividades de I+D por un importe total inicialmente previsto de 94,3 millóns de euros. Deste importe total, 41,3 millóns de euros realizaríanse en Vigo e deles 20 millóns de euros corresponderían a actividades de I+D. Para estas actuacións de I+D solicitábase unha axuda de 5 millóns de euros. Destes 20 millóns de euros son finalmente subvencionables 15,48 millóns, o que supón que o importe da axuda final destes dous anos será de 3,87 millóns de euros.

Sobre a dita comunicación, PCAE obtivo resposta da Directora de GAIN o 18 de outubro de 2019, en base a cal, a empresa adoptou a decisión de realizar o proxecto en Vigo, poñéndose de manifesto o carácter incentivador da axuda.



As partes subscribiron, con data do 9 de xuño de 2020, un convenio de colaboración para o lanzamento dun novo vehículo tipo Van 100% eléctrico (EK9) para o ano 2020. Por elo, e coa finalidade de seguir coa execución deste Proxecto, este Convenio ten como finalidade dar continuidade ao mesmo.

TERCEIRO.-

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta Lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. Nela establece a estratexia de innovación a seguir para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles, e define o marco para as políticas de investigación e innovación de Galicia para o período 2014-2020

A RIS3 fixa como un dos seus tres grandes retos o incremento da competitividade das industrias con máis peso na economía e sociedade galega, entre elas as do sector da automoción, a través do aumento da intensidade tecnolóxica, a diversificación, a especialización e a innovación nos procesos e produtos.

Neste sentido, a I+D+i cara ao transporte do futuro, a través do desenvolvemento de vehículos intelixentes, ecoeficientes, sostibles e reciclables, representa, sen dúbida, un reto para a industria do automóbil e configúrase como unha das prioridades da RIS3 Galicia.

Así mesmo, co desenvolvemento da Axenda da Competitividade Industrial de Galicia 2015-2020, a Xunta de Galicia aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando actividades de I+D e fabricación de produtos diferenciados e de calidade. Esta axenda ten unha clara orientación sectorial co obxectivo de reforzar sectores estratéxicos da economía galega – agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil–.



CUARTO.-

Que a Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, contempla no orzamento de gastos de GAIN, na aplicación 06.A2.561A.770.01, unha subvención nominativa para o “proxecto E-K9, vehículo eléctrico, Peugeot Citroën Automóviles España, S.A.” por importe de 1.970.000,00€.

QUINTO.-

Conforme ao establecido no Título I - Capítulo III: Do procedemento de concesión directa, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título II - Capítulo II: Procedemento de concesión directa, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, o convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

En atención ao exposto, ambas as dúas partes conveñen en formalizar a tales efectos un convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras da axuda que GAIN concede a PCAE para o desenvolvemento do “Proxecto de desenvolvemento dunha nova plataforma de fabricación ultraflexible para o lanzamento e fabricación dun novo vehículo tipo VAN 100% eléctrico (EK9)”.

Este proxecto, polo seu importe e efecto tractor, resulta excepcional e moi relevante para a comunidade autónoma galega, ao fomentar políticas públicas prioritarias a todos os niveis, como son: a creación de tecido industrial, o fomento do emprego, o benestar laboral, a formación, cualificación e empregabilidade dos/as traballadores/as, a I+D, o fomento de tecnoloxías da información, así como investimentos sostíbles e eficientes, directamente dirixidas á fabricación de 100% vehículos eléctricos.

É unha prioridade para calquera administración a fabricación de vehículos eléctricos, apostar por tecnoloxías que permitan mitigar a emisión de gases de efecto invernadoiro e por un modelo de transporte e mobilidade de nulas ou baixas emisións.



Como Anexo I ao convenio, recollese a descrición das actuacións a realizar na execución do proxecto.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

SEGUNDA.- Achega de GAIN e intensidade da axuda

GAIN financiará as actuacións de I+D realizadas no ano 2021 en Galicia por PCAE para o seu centro de Vigo na execución do “Proxecto de desenvolvemento dunha nova plataforma de fabricación ultraflexible para o lanzamento e fabricación dun novo vehículo tipo VAN 100% eléctrico (EK9)” cunha axuda por un importe máximo de 1.970.000,00€ (IVE non incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.770.01, código proxecto 2016 00005, dos seus orzamentos para o ano 2021.

Conforme aos límites establecidos no artigo 25 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014), ao tratarse dunha gran empresa e dun proxecto maioritariamente de desenvolvemento experimental, a intensidade máxima da axuda será do 25%, polo que o custo elixible deberá ascender a un mínimo de 7.880.00,00 € (IVE non incluído).

	ANO 2021
Orzamento total	7.880.000,00€
Axuda GAIN	1.970.000,00€
% Axuda	25 %

TERCEIRA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no **anexo II** e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021. En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado.



Tendo en conta o carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables. A petición de PCAE e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidas no orzamento.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables, os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Os conceptos subvencionables incluídos como custo elixible son os que se relacionan a continuación:

1) Custos directos: os custos directos son aqueles que están directa e inequivocamente relacionados coa actividade subvencionada e cuxo nexa con esta actividade pode demostrarse. Consideraranse custos directos subvencionables os seguintes:

1.1. Custos de persoal.

A) Poderanse subvencionar:

a) Os custos de persoal propio (persoal investigador, técnico e persoal auxiliar que realice actividades de investigación e desenvolvemento) exclusivamente no tempo imputado ao desenvolvemento de actividades de I+D do plan de traballo do proxecto.

b) Os de persoal de nova contratación que se incorpore á entidade para a realización do proxecto e que deberá dedicarse de xeito exclusivo ao mesmo.



No caso de persoal propio, deberá xustificarse os motivos da porcentaxe de imputación do tempo de dedicación ao proxecto sobre a base dos fitos ou traballos concretos para desenvolver no proxecto. O custo de persoal propio calcularase atendendo aos custes reais incorridos e poderá ser como máximo o 60 % do custo subvencionable total do proxecto.

B) Non se considerarán subvencionables:

- a) Os gastos de persoal propio relacionados con aqueles traballadores que non estean dados de alta nun centro de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia onde se desenvolve o proxecto e os de persoal que non teña relación contractual laboral coa entidade beneficiaria da subvención.
- b) Os conceptos incluídos na retribución bruta do traballador que non garden relación coa actividade subvencionada.
- c) Os custos de persoal administrativo relacionados con tarefas de xestión do proxecto.
- d) As contratacións en formación, as de prácticas, as de bolseiros/as, as contratacións a tempo parcial excepto nos supostos de redución voluntaria da xornada previstos no Estatuto dos Traballadores.
- e) As contratacións en grupos de cotización inferiores aos correspondentes ás titulacións/categorías profesionais que se establecen pola Seguridade Social ao regular as bases de cotización por continxencias comúns.
- f) Os custos de viaxes, as indemnizacións ou axudas de custos non teñen natureza de gastos de persoal.

1.2. Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición.

Serán subvencionables os custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición, na medida e durante o período en que se utilice para o proxecto.

Se o equipamento e material se dedica exclusivamente á actuación subvencionada e a súa vida útil se esgota ao termo do período de execución, será subvencionable o custo de adquisición. Deberase xustificar a vida útil do equipamento ou material.



Se o equipamento e material non se utiliza exclusivamente para o proxecto, por exceder a súa vida útil a duración deste, só serán subvencionables os custos de amortización que correspondan ao exercicio 2021, calculados sobre a base das boas prácticas contables. Para que este custo sexa subvencionable, deberá xustificarse o procedemento de cálculo seguido para calcular os custos de amortización, tendo en conta o tempo concreto de imputación ao proxecto.

As novas licenzas e as renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para o proxecto, e non de uso xeral.

Admitiranse gastos de leasing, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Deberá existir un compromiso oficial por escrito de adquisición do activo ao finalizar o contrato de leasing.
- b) Soamente serán subvencionables os custos na medida e durante o período que se adiquen ao proxecto.
- c) As cotas de arrendamento subvencionables deberán ser constantes ou crecentes e podendo imputarse só as cotas pagadas dentro do período de realización de gastos e pagamentos.
- d) Non serán gastos subvencionables a marxe do arrendador, os custos de refinanciamento dos xuros, os gastos xerais e os gastos de seguro.

1.3. Materiais, subministracións e produtos similares.

Poderanse imputar os gastos de materiais directamente destinados ás actividades de I+D. Os gastos de material de oficina e consumibles informáticos non se financiarán neste concepto. Autorízanse expresamente os gastos incluídos no **Anexo I** do presente convenio.

1.4. Adquisición de patentes.

As patentes deberán ser adquiridas ou obtidas por licenza de fontes externas á entidade solicitante, coa condición de que a operación se realizase en condicións de plena competencia e sen elemento ningún de colusión.



1.5. Servizos tecnolóxicos externos. Consideraranse servizos tecnolóxicos externos aquelas actividades distintas á I+D prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultorías, asistencia técnica e servizos equivalentes. Se a actividade que se vai realizar forma parte da propia investigación, deberá ser considerada como subcontratación.

Os servizos tecnolóxicos externos deberán ser necesarios para o desenvolvemento das actividades do proxecto e estar debidamente xustificadas.

1.6. Subcontratacións.

Consideráanse subcontratacións as actuacións contratadas a terceiros que supoñan a execución dunha parte da actividade investigadora que constitúe o obxecto da subvención e que non poden ser realizadas polo beneficiario. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada. As tarefas subcontratadas corresponderán a actividades que non poidan ser realizadas polo beneficiario cos seus propios medios, tanto humanos como materiais.

PCAE poderá subcontratar, como máximo, ata o 50 % do importe da actividade subvencionada.

Cando a actividade subcontratada exceda do 20% da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000€, será obrigatoria a subscrición dun contrato entre o beneficiario e a entidade subcontratista que deberá recoller, como mínimo, os seguintes aspectos: obxectivos do contrato, descrición das actividades, data inicio e duración total, identificación dos investigadores participantes, orzamento así como o acordo sobre a propiedade dos resultados. No contrato deberanse detallar as persoas que participan no proxecto, unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas no mesmo e a porcentaxe de dedicación ao proxecto. A subscrición destes contratos deberá ser previamente autorizada por GAIN para o que PCAE deberá presentar xunto coa proposta de contrato unha memoria xustificativa da súa finalidade e necesidade.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no parágrafo anterior.

Autorízanse expresamente os gastos incluídos no **Anexo I** do presente convenio.

En ningún caso o beneficiario poderá subcontratar con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións que se recollen no artigo 10 da Lei 9/2007
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o devandito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias detalladas no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, sen prexuízo da excepción regulada no parágrafo seguinte en relación coas entidades vinculadas.

Excepcionalmente, en aplicación do artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de entidades vinculadas cando sexa imprescindible para a execución das actividades e sempre que se realice de acordo coas condicións normais de mercado, extremo este que se acreditará mediante una declaración responsable do beneficiario. Pola experiencia e coñecemento dos traballos a realizar no marco do convenio, autorízanse expresamente os gastos incluídos no **Anexo I** do presente convenio.

1.7. Outros custos: o custo derivado do informe realizado polo auditor respecto ao proxecto que se require para a súa xustificación.

O informe do auditor será realizado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas e terá en conta as instrucións que se detallan no **anexo III**, e comprobará a existencia da documentación xustificativa e requisitos descritos no presente convenio.

O custo derivado do informe do auditor non poderá superar o 0,25 % dos custos directos totais do ano 2021

2.- Custos de carácter indirecto: os custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e



contable), gastos de supervisión e control de calidade, subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción e teléfono), seguros, seguridade ou gastos de limpeza. O custo imputable por este concepto será o importe resultante de aplicar unha porcentaxe de ata o 10% aos custos de persoal imputados ás actividades de investigación do proxecto.

CUARTA.- Condicións para realizar adquisicións ou contratacións

No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere os 15.000€ para un mesmo proveedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non existan no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Ademais do anterior, para a subcontratación das actividades subvencionadas terase en conta o disposto na **cláusula terceira-punto 1.6** e o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, GAIN poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

QUINTA: Compromisos e autorizacións

PCAE comprométese a:

1.- Presentar previamente á sinatura do convenio:

- a) Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Declaración responsable de que non pode ser considerada unha empresa en crise conforme ao disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño, da Comisión. Non obstante, a Axencia Galega de Innovación utilizará os medios que considere oportunos para a súa verificación e requirirá a PCAE, se fose necesario, os documentos oportunos.
- d) Declaración responsable de non estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras una decisión previa da Comisión Europea que declarara unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.

2.- Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no **anexo I e II**.

3.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos de GAIN co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

4.- Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que as do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.

5.- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

6.- Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.- Dar consentimento expreso á GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os



registros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

8.- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

9.- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10.- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.

11.- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

12.- Dar publicidade da axuda obxecto deste convenio nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución das actividades do mesmo, incluída a subcontratación, e en publicacións, relatorios, equipamentos, material inventariable e actividades de difusión de resultados, con mención expresa da súa orixe e do financiamento da Axencia Galega de Innovación. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Axencia Galega de Innovación e a frase «Subvencionado pola Axencia Galega de Innovación». Así mesmo, deberá informarse que recibiu o apoio da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

13.- A sinatura deste convenio comportará a autorización a GAIN para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, PCAE poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

14.- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de



cinco anos. A tal efecto, este requisito entenderase cumprido mediante a levanza pola empresa de sistemas auxiliares, tales como listados Excel e outros sistemas de xestión documental (Doc.info) que inclúan esta información técnica e económica de forma detallada e individualizada.

15.- Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribíbles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.

SEXTA.- Réxime de pagamentos e prazo de realización de gastos / pagamentos e de xustificación da axuda

Réxime de pagamentos

De acordo co estipulado nos artigos 60, 62 e 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de GAIN estipulada neste convenio será aboada a PCAE, conforme ao sinalado a continuación:

- Poderanse realizar pagamentos á conta e un pagamento anticipado, a suma poderá alcanzar o 100% da axuda concedida. A realización dos pagamentos á conta e do pagamento anticipado está exenta da constitución de garantías.
- De conformidade co establecido no artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a superación do límite do 80% do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta previsto no artigo 62.2 do citado regulamento, está autorizada polo Consello da Xunta de Galicia .

Pagamentos á conta:

Poderanse realizar pagamentos á conta de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 e no artigo 62 do Decreto 11/2009

Os pagamentos á conta faranse efectivos unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución das actividades desenvolvidas conforme ao artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

Para a xustificación de cada pagamento parcial, PCAE achegará a documentación que se indica nas **cláusulas sétima e oitava**. A documentación presentarase electronicamente. O beneficiario responsabilizarase da



veracidade dos documentos que presentan. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos casos de imposibilidade funcional e /ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Antes de proceder ao pagamento final da subvención, GAIN comprobará, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida, sendo obrigatoria a realización dunha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación emitindo un informe no que se indique o grao de cumprimento e se ten sido:

- a) Excelente
- b) Positivo e
- c) Negativo: se non se realizaron as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto por un baixo desempeño ou deficiente organización. Neste caso, deberá cuantificarse a porcentaxe de incumprimento.

Pagamento anticipado:

Para a realización do pagamento anticipado PCAE deberá presentar a seguinte documentación:

- Unha solicitude motivada do pagamento anticipado (segundo o modelo que se facilita como anexo VI).
- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas e concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas.

O pagamento anticipado poderá acadar ata o 50% da subvención establecida no convenio.

A concesión do pagamento anticipado realizarase mediante resolución motivada, de acordo co disposto no artigo 63.1 Dous do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e a súa tramitación requirirá que previamente se teña presentado a xustificación dos pagamentos a conta.



Prazo de realización de gastos / pagos, e de xustificación da axuda

Á vista do anterior, os prazos de realización dos gastos e pagamentos, así como os de xustificación da axuda e de solicitude do anticipo, son os que se indican na seguinte táboa:

	2021	
Orzamento mínimo total	7.880.000,00€	
Intensidade máxima da axuda	25%	
Axuda máxima de GAIN	1.970.000,00€	
Execución do orzamento total (en porcentaxe)	Pagamentos a conta	Anticipo
	Entre o 50 % e o 100%	Entre o 0 e o 50%
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2021 - 31/12/2021	
Data límite de presentación da documentación xustificativa dos gastos correspondentes aos pagamentos a conta	11/12/2021	
Data límite de xustificación do anticipo.	31/03/2022	
Xunto coa documentación xustificativa do anticipo deberá presentarse unha declaración responsable sobre a no coincidencia dos gastos imputados ao anticipo e os gastos xa xustificadas.		
Pagamento da axuda (exercicio 2021): tipos de pagamentos previstos e condicións dos mesmos.	Pagamentos fraccionados (a conta)	• Exentos da presentación de garantías.
	Pagamento anticipado	• Exento da presentación de garantías. • A súa tramitación require que previamente se presente a xustificación dos pagamentos a conta.

De non xustificar o orzamento total, GAIN minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- Documentación xustificativa económica



A xustificación económica realizarase a través de informe dun auditor. Este informe deberá axustarse ás instrucións incluídas no **anexo III**, verificando a existencia da documentación que se detalla a continuación e revisando, ademais, o cumprimento dos requisitos que se esixen a cada concepto de gasto.

Para cada unha das xustificacións parciais do proxecto deberá presentarse a documentación que se sinala a continuación:

- a) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou proxecto ou para as mesmas partidas de gasto , procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, utilizando o modelo do **anexo IV**. De ser o caso, deberá achegarse unha copia da resolución da concesión desas outras axudas.
- b) Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o beneficiario está ao día nas súas obrigas tributarias, no caso de que se opoña á súa consulta por parte do órgano xestor.
- c) Un resumo da execución do proxecto en que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por concepto de gastos.
- d) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.
Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf. dos documentos orixinais
- e) Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente; o número e o importe total da factura satisfeito. De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na cláusula Sexta do presente convenio o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se



aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade coa relación detallada das facturas ou alternativamente un certificado de ter recibido o pagamento das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibo do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Non serán subvencionables partes de gastos que non estean íntegra e correctamente xustificadas de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

f) Respecto da documentación xustificativa do investimento e do seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica poderá presentar unha copia en formato pdf dos documentos indicados realizada polo beneficiario acompañada dunha declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados así como o compromiso de presentar os orixinais cando GAIN llos requira.

g) No suposto de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

h) Para a xustificación do custo de persoal destinado ao proxecto, deberá achegarse:

1. Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e praxe do xerente ou director da entidade, que consistirá nunha relación detallada por traballador do persoal dedicado ao proxecto, que deberá incluír os seguintes datos: DNI/NIE, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e Seguridade Social), grupo de cotización polo que está contratado, titulación e porcentaxe de dedicación ao proxecto. Declaración do persoal dedicado ao proxecto na que debe figurar a sinatura



do xefe técnico de proxecto e a sinatura do traballador, conforme ao modelo que se xunta como **anexo VII**

2. Informe de vida laboral referida á data de finalización do prazo de xustificación, e que comprenda toda a anualidade. Para o persoal de nova contratación deberá achegarse a copia do contrato no que poida verificarse a exclusividade ao proxecto xunto coa acreditación da súa titulación académica.

3. Copia das nóminas do persoal dedicado ás actividades do proxecto e copia dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos.

4. Declaración asinada polo responsable de persoal da entidade cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do proxecto, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios.

5. Boletíns de cotización á Seguridade Social e copia dos seus xustificantes de pagamento.

En todo caso, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais ou salarios liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes no que ao beneficiario lle corresponde liquidar eses gastos.

6. Declaración responsable da non participación do persoal dedicado ao proxecto, financiado con cargo a este convenio, noutras actividades/proxectos financiados con axudas procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado ou, en caso contrario, declaración responsable de non superar, conxuntamente coa dedicación ao proxecto, a porcentaxe do 100%, utilizando o modelo do **anexo V**.



i) Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, iguale ou supere os 15.000€ no global do proxecto cun mesmo provedor. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

En todo caso, autorízanse expresamente os incluídos no **Anexo I** do presente convenio.

j) Declaración asinada polo representante legal, na que se detalle o cadro de amortización de cada equipamento incluído no seu orzamento calculado sobre a base de boas prácticas contables, así como un informe técnico sobre o período de amortización. En todo caso, esta documentación deberá acompañarse dos estados contables da entidade, unha vez a entidade dispoña dos mesmos, e dos correspondentes documentos xustificativos do gasto e pagamento da compra. GAIN poderá comprobar a veracidade destes datos accedendo, en calquera momento, aos documentos contables da empresa.

k) No caso de leasing será necesario presentar o contrato, as facturas e os documentos de pagamento das cotas correspondentes ao período de execución do proxecto.

l) En caso de subcontratacións, ademais da documentación sinalado no punto i), deberá achegarse:

1. Factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario na que se especifique claramente o título do proxecto financiado. No caso de que sexan varias as facturas, todas elas deberán especificar o título do proxecto.
2. Xustificantes de pagamento da factura da subcontratación.
3. Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto, na que se debe incluír unha relación das persoas que participaron nas mesmas, unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas e a porcentaxe de dedicación ao proxecto.

m) Documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta.



Sen prexuízo da documentación indicada nos puntos anteriores, poderá requirirse que se acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

OITAVA.- Documentación xustificativa técnica

1. A documentación xustificativa técnica para cada unha das xustificacións parciais do proxecto constará de:

- a) Informe técnico normalizado segundo o modelo que se incorpora como anexo VIII
- b) Memoria descritiva, en formato libre, da realización e evolución das actividades previstas no proxecto.

2. Sen prexuízo da documentación anteriormente indicada, poderá requirirse do solicitante que anexe cantos datos, documentos complementarios e aclaracións que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

NOVENA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN, un deles actuará como presidente, e dous representantes de PCAE, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables e as diferentes actividades recollidas no orzamento do convenio (**anexo II**), que supoñan minoracións en algún dos conceptos ou en algunha das actividades superiores ao 20%, para adecualos á execución das actuacións previstas e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- Incompatibilidade con outras axudas

A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que as conceda, xa que a intensidade da axuda establecida no convenio é a máxima permitida polo Regulamento (UE) nº 651/2014. Estas axudas si son compatibles coas deducións fiscais de I+D+i que puideran resultar de aplicación.

UNDÉCIMA.- Control

GAIN poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DUODÉCIMA.-Alteración das actuacións

A petición de PCAE e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables e as diferentes actividades recollidas no orzamento do convenio (**Anexo II**), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte



ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades a desenvolver no presente convenio e GAIN, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO CUARTA .- Autonomía do beneficiario

PCAE manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, PCAE será propietario intelectual dos traballos resultantes.

DÉCIMO QUINTA.- Resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.



O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable previsto no convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no convenio, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO SEXTA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, a axuda obxecto desta convenio réxese polas normas comunitarias aplicables e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralle de aplicación o Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 1 de setembro de 2022, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2021 e se teñan rematado o 31/12/2021

E en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente convenio, en Santiago de Compostela na data indicada na marxe.

Pola Axencia Galega de Innovación

Por PCAE

Francisco José Conde López

Ignacio Bueno Castel